



Labouras agrícolas

Asedado, fiado e ensarillado.

O liño

A S E D A D O

Xa arredados da calor do verán, achégase o tempo de "asedar" o liño. Na maioría dos casos é máis ben no tempo xa de outono ou principios do inverno cando estos labores deben principiar.

Este é un labor que era habitual facelo antes do castañal; aló polo cima de outubro ou xa nos primeiros de novembro.

Para escomenzar a tarefa do "asedado", sacaremos as "estrigas" de liño tascado que gardaremos coidadosamente en canastrillas no cima do verán; e descolgaremos o "pende" da parede para poder botar a andar.



Fiado e asedado
Foto: Carlos G. Hervella

O "pende" esta composto por unha táboa de forma rectangular duns 75 a 100 cms de longo e duns 15 a 20 cms de ancho; que coma todos os útiles empregados nos labores do liño pode adoitar distintas formas no seu remate (ben

totalmente rectangular ou rectangular e coas viras redondeadas, cun acabado máis perfeccionado ou menos).

Agora ben, sempre será unha táboa de castiñeiro duns 2 a 4 cms de groso e que na súa parte superior terá unha espe-

cie de asa pola que a suxeitaremos perto de nós.

No lado oposto terá un anaco de táboa superposta e cravada na madeira grande. Neste anaco de táboa cravaranse previamente unha serie de púas metálicas duns 10 cms de longo, dispostas moi xuntas e moi ben afiadas. Esta táboa sobre a que se suxeitan os "dentes do pende", ben sexa redonda ou cadrada estará rematada por unha ferradura que impedirá que a madeira cuartee e os dentes acaben afrouxando e caian.

Emprendemos o labor propio do asedado; para elo adoitaremos estar sentados nunha banquetta ou "tajueta", máis ben baixa, que nos permita estirar as pernas. Suxeitaremos o pende no medio das mesmas e porémolo a unha distancia que poidamos chegarlle ben coas mans e sen ter que dobrar moito o corpo.

Cando xa o temos agarrado, rodaremos os dedos da man coa que temos por costume traballar, coa punta da "estri-ga" que correspondía a raíz da planta.

A outra punta, que se distinguirá por ser máis verde, irase asedando paseniñamente pasandoa unha e outra vez polos dentes do "pende", a fin de conseguir separar a fibra de liño, obtendo así a selección da mesma de mellor a peor; lenzo, estopa e os cabezozos, respectivamente.

O primeiro que cae dos dentes do pende ao chan, son os cabezozos. Agarrada dos dentes queda a estopa e na man quedaranos o lenzo.

Como xa dixemos, pasaremos a estriga varias veces polo pende e dende que estexa asedada por unha punta darémolle a volta para asedala pola parte da raíz.

Coa fibra que nos queda na man, e que vemos que e suficientemente fina, faremos novamente unha "estrigal", co fin de que non se "amloe", e dicir, que non se "embarane". Coa estopa e os cabezozos, faranse "manelas", (consiste en envolver a fibra sobre si mesma).



Fiado e ensarillado.

Foto: Carlos G. Hervella

F I A D O

Chegado este momento que, polo xeral é o gran coñecido como traballo cando se fala do liño ou da lá, váisenos axiña a idea a dous elementos moi característicos como son o fuso e a roca.



Fiado.

Foto: **Carlos G. Hervella**

Pois ben, de principio describiremos estas pezas, e para elo nada mellor que detallar a súa forma, o material empregado para facelos e como se facían.

O fuso: Polo que a xente hoxe recorda, sempre foron mercados a carpinteiros que viñan da veciña provincia de Lugo, e que os traían feitos de xeito incompleto. Faltáballe a "mainza". O facerlle a mainza era polo xeral un labor que adoitaban facer coidadosas mans masculinas, empregan-

do para elo unha navalla moi ben aguzada.

A madeira do fuso era de uz.

A forma que adoita o fuso é redondeada, máis estreita na parte superior (acabando case en punta), e máis ancha na inferior, onde se remata cunha

especie de anel (que impide que a "mazaroca" escape), e prolóngase nun apéndice sobre o que caer no caso de se escapar dos dedos e así impedir que rompa tan facilmente.

Na parte superior será onde se faga a "mainza", que terá a finalidade de guiar o fío tanto ao comezo do fiado como nalgúns momentos do mesmo.

A "mainza" terá uns 3 cms aproximadamente de longo, e para que quedase ben feita a punta de arriba tiña que se "ver" a de abaixo.

Os fusos teñen entre 27 e 30 cms de longo e son de distinto grosor, ben sexan para fiar lenzo (máis finos), ou para a estopa e os cabezos (máis grosos).

O transporte dos fusos adoitábase facer en cestas de estradoiras, envoltos nas virutas da propia madeira coa que se fixeran.

A roca: É outro elemento primordial no fiado. Consiste nun pao redondo de madeira de salgueira ou negrillo, de metro ou metro e medio de longo, perfectamente lisa.

No seu extremo superior, a unha cuarta (un palmo) apro-



Pende. Debuxo de **Xaquín Lorenzo** (Xocas).

ximadamente, atópase o "roquil" que é un abultamento no liso pao sobre o que se rodeaba a manela ou estriga e que impide que esta esvare polo pao da roca logo de que se ataran estas cunha cinta de cadarzo.

Para facer o roquil, ao día seguinte de "bullar" o pao verde, o que realizaremos con lume, faremoslle catro cortes horizontais e simétricos á madeira do pao duns 8 cms de longo, ata que as "cachas" se separen totalmente. Para que non siga rompendo ataremos os extremos con "cabos". De seguido meterémoslle dúas pequenas cuñas cruzadas para separalos definitivamente e poder meter no medio o "roquil", que é unha peza de madeira maciza e algo grosa cunha forma xeométrica similar a un rombo. Despois de introducido o "roquil" no medio das "cachas", arredaremos as cuñas e as propias cachas encargaranse de presionalo para que non caia.

Na cima da roca faise un burato no que se fura unha cinta de cadarzo para suxeitar as manelas e as estrigas logo de "cargar" a roca.

Xa temos a roca, o fuso e as estrigas de lenzo. Agora comenza o verdadeiro labor do fiado. Para elo esperaremos as longas noites de inverno, sentados no escano ao carón do lume baixo (lume da lareira) e das entusiastas e festivas reunións que mozas e

mozos, homes e mulleres aproveitan para fiar ou para xuntarse en busca de esmorga.

Para començar a fiar, o primeiro que temos que facer é "cargar" a roca. Sentados, estendremos na "aba" (sobre as pernas tapadas cun mandil) a estriga para logo ir envolvéndoa de redor na roca, escomezando sempre polas puntas da "estriga", e logo atarémola coa cinta de cadarzo.

Cargada a roca, fixarémola á cintura metendoa na cinta coa que se suxeita o mandil ao corpo.

Para botar a andar, achégase o fuso á estriga, cóllense unhas fibras e xúntanse para facer unha especie de punta de fío que engancharémos na punta da mainza, que nos axudará a "torcer" o fío ata conseguir un anaco de fío máis longo que nos permita darlle xa unhas

voltas no fondo do fuso sen que se escape; daqui en adiante xa comenza o labor continuo do fiado. Mollaremos cada pouco os dedos en cuspe para ir tirando da fibra da estriga para que ao mesmo tempo que axudamos a torcer o fío, o torcido vaia asentando.

Coa man dereita no fuso, faremolo dar voltas e voltas para torcer e ir acumulando o fío no pé facendo deste xeito unha "mazaroca".


Cando nos dedos do fuso notamos que nos pesa moito, sacaremos a mazaroca e gardarémola coidadosamente en espera do seguinte proceso que sera o "ensarillado".

E N S A R I L L A D O

Para ensarillar, precisaremos dun novo elemento que é o "sarillo".

O "sarillo" fórmalo catro tramos de madeira unidos nun punto céntrico formado polo eixe sobre o que xirarán as aspas que o forman.

Ás aspas, nos seus extremos afincaráselle unha peza de madeira, medio curvada, que evitará que o fío se escape cando lle damos volta ao sarillo.



Sarillo. Debuxo de **Xaquín Lorenzo** (Xocas).



Ensarillado.

Foto: **Carlos G. Hervella**

Para ensarillar colleremos nunha man a mazaroca que antes tivemos que furar nun fuso máis longo que o empregado para fiar. Ataremos a punta da mazaroca a punta dunha aspa do sarillo e logo iremos dándolle voltas cunha man. Coa outra suxetaremos o fuso que tamén irá dando voltas en sentido contrario ao sarillo co fin de que se vaia

desfacendo a mazaroca e se convirta en "cadeixa".

24 mazarocas (aproximadamente) facían unha libra.

Para facer unha cadeixa empregaremos unha libra de lenzo ou estopa (aproximadamente) ou o que é o mesmo, unhas 24 mazarocas, que iremos unindo unha a unha e ensarillando ata conquistar

deste xeito que cada vez sexa máis longo o fío.

Cando xa temos a cadeixa feita, e antes de sacala, colleremos un anaco de fío do que queda no fuso e abrazarémoslo a uns cantos fíos da cadeixa para deste xeito saber onde queda a punta. Este sinal que acabamos de facer, recibe o nome de "coxal".

Así mesmo, e aínda antes de sacala do sarillo, teremos que facerlle un novo coxal, pero neste caso collendo todo os fíos. Para elo cuns fíos aparte darémoslle unhas voltas, deixando unha lonxitude dos fíos que cubra a distancia dos brazos abertos co fin de que cando se estendan as cadeixas ao sol para clarexalas non se embaranen.

E xa para sacala collerémola coas dúas mans, torcerémola agarrándoa do coxal grande e gardarémola ata que a preparemos para o seguinte proceso.

Fe de erratas ao nº: 2.

Na definición da espadela, no pé da foto da páxina 49, **onde di:** ... aos golpes e que saque "estelas", **debe dicir:** ... aos golpes e que non saque "estelas".